



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA DEZASETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (02/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas e cinco minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, e a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás dezanove horas. Ademais de D. Andrés Feal Varela, non asiste o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 20 de decembro de 2024
2. Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de decembro de 2024
3. Asuntos urxentes
4. Rogos e preguntas

#### 1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. A Sra. Voceira do Partido Popular, D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño, manifesta que pola súa parte non. Non se producen máis intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas asistentes. Xa que logo, a acta da sesión do día 18 de setembro de 2024 queda aprobada sen ningunha obxección.

#### 2. DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE DECEMBRO DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención. A Sra. Voceira do Partido Popular, D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño, manifesta que pola súa parte non. O Sr. Alcalde en funcións declara que o pleno toma razón.

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de decembro último, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## EXTRACTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE DECEMBRO DE 2024

00358/2024	APROBACIÓN PERMISO PARA CONCORRER A PROBAS SELECTIVAS	02-12-2024 16:06
00359/2024	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE Obras POS+ 2024	03-12-2024 14:51
00360/2024	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCION SERVIZO SOCORRISMO	03-12-2024 14:52
00361/2024	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS	04-12-2024 15:38
00362/2024	CONVOCATORIA XGL EXTRAORDINARIA URXENTE 05-12-2024 (41/2024)	05-12-2024 10:25
00363/2024	C.M. SERVIZO CONTROL CALIDADE EXTERNO OBRAS POS+ adicional 2A/2024	09-12-2024 17:00
00364/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 11-12-2024 (42/2024)	10-12-2024 13:15
00365/2024	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	11-12-2024 09:48
00366/2024	DECLARACION DESERTA PRAZA SOCORRISTA PROCESO ESTABILIZACIÓN	11-12-2024 09:46
00367/2024	ADXUDICACIÓN Contrato Menor: SUBMINISTRACIÓN LOTES DE NADAL 2024	11-12-2024 11:42
00368/2024	EXPDTE M.C 13/2024 X.C - POS+ ADICIONAL 3/2024 -REDUCCIÓN DÉBEDA	11-12-2024 11:42
00369/2024	RELACIÓN FACTURAS 074DOK/2024	11-12-2024 11:43
00370/2024	FINANCIAMENTO ENVELLECIMENTO ACTIVO LOITA SOIDADE NON DESEXADA	12-12-2024 11:54
00371/2024	RELACIÓN FACTURAS 071DRRSU/2024	12-12-2024 11:55
00372/2024	CONCESIÓN PERMISO TRASLADO DE DOMICILIO	13-12-2024 12:13
00373/2024	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	13-12-2024 12:14
00374/2024	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	13-12-2024 12:14
00375/2024	EMPRAZAMENTO TRIBUNAL CUMPRIMENTO SENTENCIA CONTENCIOSO	16-12-2024 12:31
00376/2024	LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN FACTURAS 073XRRSE/2024	16-12-2024 13:00
00377/2024	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR. XORNADA ANIMACIÓN NADAL 2025	16-12-2024 15:36
00378/2024	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	17-12-2024 13:34
00379/2024	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	17-12-2024 13:33
00380/2024	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	17-12-2024 14:45
00381/2024	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 20-12-2024 (15/2024)	17-12-2024 14:46
00382/2024	DECLARACION DESERTA PRAZA CONDUTOR PROCESO ESTABILIZACIÓN	19-12-2024 11:39
00383/2024	NOMEAMENTO PEÓN PROCESO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL	19-12-2024 12:39
00384/2024	RECURSO ACORDOS SESIÓN PLENARIA 18-09-2024	19-12-2024 15:03
00385/2024	NÓMINA 12/2024	20-12-2024 21:03
00386/2024	CONCESIÓN AXUDA TÉCNICA F.A., M.A.	20-12-2024 21:03
00387/2024	RESOLUCIÓN ARQUIVO EXPEDIENTE POR DESESTIMENTO	23-12-2024 10:28
00388/2024	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2024	23-12-2024 10:29
00389/2024	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	23-12-2024 10:30
00390/2024	EXPDTE M.C 14/2024 T.C	26-12-2024 12:48
00391/2024	CONVENIO CPI 2024	26-12-2024 12:50

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

00392/2024	MODIFICACIÓN PERÍODO VACACIONAL POR RAZÓNS DO SERVIZO	26-12-2024 13:28
00393/2024	AVOCACION COMPETENCIAS INICIO EXPTE	26-12-2024 13:28
00394/2024	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 27-12-2024 (43/2024)	26-12-2024 14:33
00395/2024	LEVANTAMENTO DE REPARO	27-12-2024 11:01
00396/2024	RELACIÓN FACTURAS 075DOISUG/2024	30-12-2024 10:37
00397/2024	INDEMNIZACIÓN POR SERVIZO SR. TENENTE DE ALCALDE 01/01/2024-31/12/2024	30-12-2024 10:38
00398/2024	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 12/2024	30-12-2024 10:50
00399/2024	EMBARGO SALARIAL	30-12-2024 13:33
00400/2024	PRÓRROGA SUBVENCIÓN NOMINATIVA	30-12-2024 14:38
00401/2024	CESE FUNCIONARIO INTERINO AUXILIAR ADMINISTRATIVO POS+ Adic 2024	30-12-2024 14:39
00402/2024	RELACIÓN FACTUAS 076DOISE/2024	30-12-2024 14:39
00403/2024	RELACIÓN FACTURAS 077DRRSE/2024	30-12-2024 14:40
00404/2024	RELACIÓN FACTURAS 078DOK/2024	30-12-2024 14:52

### 3. ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non se produciu ningún asunto urxente, non hai intervencións e da paso ao punto seguinte.

### 4. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Voceira do Partido Popular, D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño, e manifesta que o seu grupo trae a este Pleno uns rogos para o grupo de goberno. Que un deles é sobre a fonte de Rebordelo e máis sobre o lavadoiro, que está en pésimas condicións. Que piden ao goberno que se adecente tanto o lavadoiro como aquela zona, que da pena vela como está, que a estrada non chega ata abaixo. O Sr. Alcalde sinala que hai que saber se é municipal e a Sra. Concelleira respóndelle que si que é municipal, que xa estiveran os obreiros do Concello fai tempo traballando alí. Continua a Sra. Concelleira dicindo que para poder chegar ata abaixo hai que ir pisando pola lama, que hai auga por todos os lados e que está feito un desastre, á parte de que por esa zona pasa a ruta que vai a Santo André, a GR55, e mesmo por onde vai o camiño que vai a San Andrés está todo cheo de maleza. Que piden por favor que se teña en conta e se fagan as labores de mantemento e limpeza e se adecente todo aquilo para que a xente poida acceder sen ningún tipo de problema.

Continúa a Sra. Concelleira, dicindo que outro rogo que traen é sobre a pista polideportiva de Queixeiro, que xa falon noutros plenos dela, e que hoxe volven a lembralo porque a situación na que se atopa é totalmente lamentable. Que ao chover aquilo é un barrizal e queda totalmente inutilizable, non pode acceder ninguén porque ou se cae porque xa non se ten de pé na lameira ou... Que é imposible que calquera persoa, sobre todo os nenos que hai pola volta, poidan ir alí a xogar ao fútbol, e xa que non teñen un parque nin unha zona de xogo que polo menos tivesen a pista decente para poder ir alí a xogar ao fútbol, polo que piden por favor que se leven a cabo os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

traballos que se teñan que facer, retirar todo o que ten e votarlle algo novo ou..., que no verán estivo alí un traballador do Concello intentando quitar pero... O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que xa teñen unha valoración feita polo arquitecto do ano pasado e que hai que cambiarlle todo o chan e poñelo todo novo e a ver se se pode meter este ano no orzamento, con cargo ao remanente ou como sexa. Continua a Sra. Concelleira indicando que eles o que queren é que se arranxe porque da pena vela e que se teña un lugar onde poida xogar a xuventude da zona. O Sr. Alcalde en funcións concorda no desexo de que se arranxe.

D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño prosegue con outro rogo que presentan ao goberno sobre o saneamento en Rebordelo, aproveitando que está un veciño que veu ao Pleno, e teñen que tocar este tema porque consideran que é importante. Que dende fai anos o saneamento está estancado, non houbo ningún tipo de mellora nin preocupación por incrementar a rede, polo que piden que se incremente o saneamento aquí nesta zona, que tamén se pode incrementar en máis zonas, inclusive na zona do Xestal, que tamén se pode facer alí o saneamento. Pero que aquí en Rebordelo, como xa está parte da zona conectada e aínda quedan casas e consideran que todos os veciños teñen o dereito a ter ese servizo, e aproveitando que a rede xa chega ata aquí, sería seguir un pouco máis, que se estenda e se dea servizo a todas as casas que faltan.

A Sra. Voceira do grupo municipal popular indica que tamén traen unha pregunta ao goberno, que teñen que preguntar polo conserxe porque os informaron de que o conserxe pedira unha excedencia e sabían que estes días... que lles deron unha información que non é oficial, e sabían que estes días ía empezar un rapaz e que non saben se empezou e que querían saber se o cole xa vai ter conserxe. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que xa empezou, que lle concederon a excedencia o día dez de xaneiro, que do día dous ao dez pediu días de asuntos propios, coa fin de semana de por medio e o festivo de Reis, e que unha vez que se lle deron os asuntos propios se comezou a chamar ás persoas que figuraban na listaxe da bolsa de emprego. Que cada persoa ten dous ou tres días para confirmar se si ou non e a primeira persoa que estaba na listaxe esgotou os días todos para pensar se viña ou non e finalmente dixo que non. Que a segunda persoa si aceptou, veu o mércores por aquí e xa lle foi a ensinar as instalacións e presentarlle á directora. Que o xoves volveu porque (o Alcalde en funcións) falou co anterior conserxe para que o puxese un pouco ao día das labores máis complicadas que hai, como o tema da auga, e que lle ensinase todas as labores que facía el no día a día e tivese un mantemento correcto e que hoxe xa se incorporou. Que é un rapaz de Narón que xa ten experiencia como conserxe, que xa desempeñou ese posto en Guitiriz tres anos, que é electricista de profesión e cree que non vai haber problema e que iso é o que lle pode informar. A Sra. Concelleira manifesta que eles querían sabelo porque non tiñan ningunha información pero si que lles chegaban varias cousas e entón que preferían preguntar.

Volve a intervir o Sr. Alcalde en funcións porque errou, para emendalo e dicir que este é o terceiro da listaxe, que o primeiro esgotou os días de pensar, que despois estaba o segundo que dixo que non xa e que este é o terceiro que si que aceptou.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde ao no haber máis asuntos que tratar, levantou a sesión, ás dezanove horas e trece minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde

O Secretario